

Enquisa de innovación empresarial. Ano 2007

NOTA DE PRENSA

O 21% das empresas galegas tiveron actividades de innovación en 2007, cun gasto total de 365 millóns de euros

A operación estatística "Enquisa de innovación empresarial" elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ten como obxectivo ofrecer información sobre o proceso de innovación nas empresas galegas.

Investigáronse as empresas de máis de 5 asalariados con personalidade xurídica mercantil e asimilados e sede fiscal en Galicia no ano 2007. Quedan polo tanto excluídas as empresas sen personalidade xurídica (persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís e UTEs); as comunidades de propietarios e asociacións; as corporacións locais, órganos da administración do estado e comunidades autónomas; e as congregacións e institucións relixiosas.


No tocante á cobertura sectorial, quedan fóra do ámbito de investigación as empresas con actividade principal pertencente ás seccións da CNAE-93: A (agricultura, gandería, caza e silvicultura), B (pesca), L (administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria), P (actividades dos fogares) e Q (organismos extraterritoriais).

Campo da innovación en Galicia

Durante o período 2005-2007 o 9,6% das empresas con sede fiscal en Galicia de máis de 5 asalariados introduciu no mercado produtos (bens ou servizos) novos ou significativamente mellorados. O 19,6% realizou innovacións no proceso de produción, o 16% implantou métodos de organización novos e o 13,1% aplicou novos métodos de comercialización ou significativamente mellorados.

Campo da innovación en Galicia. Período 2005-2007

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de innovación empresarial

Actividades de innovación

Neste período o 9,9% das empresas galegas de 5 ou máis asalariados realizou actividades de I+D. Nesta porcentaxe inclúense as actividades de I+D internas da empresa en Galicia, actividades levadas a cabo por outras empresas do seu grupo e actividades desenvolvidas por outras organizacións ou organismos de investigación e compradas pola empresa. O 21,9% realizou actividades para as innovacións de produto e de proceso e o 14,2% desenvolveu actividades para as innovacións de organización e comercialización.

Empresas con actividades innovadoras en Galicia. Período 2005-2007

Porcentaxes

	% de empresas
Empresas con actividades de I+D	9,9
Empresas con actividades para innovacións de produto ou proceso	21,9
Empresas con actividades para innovación de organizacións ou comercialización	14,2

Fonte: IGE. Enquisa de innovación empresarial

Gasto en actividades de innovación

No ano 2007 o 20,9% das empresas realizou algunha actividade de innovación cun gasto total de 365,3 millóns de euros. O 34,9% do gasto total en innovación foi gasto en I+D interna, o

13,9% dedicouse á adquisición de I+D externa e o 51,2% a gastos noutras actividades de innovación. O 7,5% das empresas tivo gastos en I+D interna e o 4,2% adquiriu I+D externa.

Gasto en actividades de innovación en Galicia. Ano 2007

Porcentaxes, miles de euros

	% de empresas	Gasto total (miles de euros)	Gasto medio (miles de euros)
Gastos en I+D interna	7,5	127.461,8	123,5
Adquisicións de I+D externa	4,2	50.911,9	88,3
Gastos noutras actividades de innovación	17,3	186.974,8	78,6
Total de gastos en actividades de innovación	20,9	365.348,5	126,9

Fonte: IGE. Enquisa de innovación empresarial

Por sectores de actividade económica, o 61,6% do gasto en actividades de innovación foi realizado polas industrias extractivas e manufactureiras. Neste sector, o 30,9% das empresas realizou no 2007 gasto en actividades de innovación e o gasto medio situouse arredor dos 202.600 euros por empresa.

O sector cunha maior porcentaxe de empresas con gasto en actividades de innovación é o de intermediación financeira (un 33,5% de empresas). Ademais é o que presenta un maior gasto medio en actividades de innovación: 865.100 euros por empresa.

Total de gastos en actividades de innovación en Galicia segundo seccións de actividade (CNAE-93). Ano 2007

Porcentaxes, miles de euros

	% de empresas	Gasto total (miles de euros)	Gasto medio (miles de euros)
Total	20,9	365.348,5	126,9
C-D Industrias extractivas e manufactureiras	30,9	225.020,7	202,6
E Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	13,8	3.378,7	643,6
F Construción	11,5	6.195,0	18,2
G-H Comercio, reparacións e hostalería	15,6	38.369,0	62,9
I Transporte, almacenamento e comunicacións	24,7	15.238,8	67,1
J Intermediación financeira	33,5	15.355,4	865,1
K Actividades inmobiliarias e de aluguerio; servizos empresariais	31,2	43.007,0	102,8
M-N Educación, sanidade e servizos sociais	18,2	10.580,0	117,9
O Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	13,6	8.204,1	136,7

Fonte: IGE. Enquisa de innovación empresarial

En 2007 as empresas gastaron o 0,5% do seus ingresos de explotación en actividades de innovación. Por actividades económicas o maior esforzo innovador deuse nas actividades inmobiliarias e de servizos empresariais (1,6%) e en educación, sanidade e servizos sociais (1,4%).



Esforzo innovador en Galicia segundo seccións de actividade (CNAE-93).

Ano 2007

Porcentaxes

	Esforzo innovador
Total	0,5
C-D Industrias extractivas e manufactureiras	0,7
E Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	1,1
F Construción	0,1
G-H Comercio, reparacións e hostalería	0,2
I Transporte, almacenamento e comunicacións	0,4
J Intermediación financeira	0,2
K Actividades inmobiliarias e de aluguerio; servizos empresariais	1,6
M-N Educación, sanidade e servizos sociais	1,4
O Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	0,8

Fonte: IGE. Enquisa de innovación empresarial

Esforzo innovador: gastos en innovación entre ingresos de explotación

Acceso a todos os datos da estatística:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0310001004

Acceso á metodoloxía da estatística:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EnquisaInnovacionEmpresas_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>